

José Iglesias Fernández

Coral “De Ruada”



Ourense, 2011

Na celebración do 90º aniversario da Coral, quero engadir a miña felicitación a tan soada efeméride. Eu son José Iglesias Fernández, cantei no coro dende 1948 o 1952. Entrei cando aínda era director Daniel González, e despois Isolino. Con dor, tiveron que deixalo como tantos outros pola emigración, pero sempre o Ruada estivo e está no meu corazón. Esta foto foi feita na praza de Cataluña de Barcelona no ano 1950. Eu son o do bombo. Como sempre, estou a disposición do que a Coral necesite de min. Curiosamente, acabei vivindo nesta cidade. A miña dirección é:

José Iglesias Fernández
Salvador Espriu 89, 2º - 2ª
08005 BARCELONA
Teléfono: 93 225 48 20
E-mail: joseiglesias27@telefonica.net
www.rentabasica.net



Prezado José:

Xusto hoxe vimos de inaugurar oficialmente a exposición do 90º aniversario da Coral, polo que recibir a túa felicitación (perdoa o tuteo) resultoume moi emocionante. Lamentablemente, non hai ninguén na Coral actualmente desa época, pero aínda coñecemos a algúns que si a viviron. Así, de memoria, pódoche dicir que sigue en contacto con nós Carlos (Carliños da Lonia, que tocaba o tamboril e bailaba moi ben) o "Chuti" (o fillo do Emilio do Restaurante "Pingallo", que se non me confundo é o que toca o tamboril na foto que nos mandaches) ou Pedro Vizcaíno (que o atopamos de casualidade en Málaga, hai dous ou tres anos con ocasión dunha xeira por Andalucía). Vós sodes os que fixestes posible, no seu momento, que hoxe podamos ter esta celebración. Nos próximos días vouche mandar ao teu enderezo postal os dous últimos exemplares da nosa revista onde aparecen publicados senllos artigos, da miña autoría, sobre Daniel González e Isolino Canal (neste último caso fago alusión ás viaxes da Coral a Barcelona). A propósito, ¿sería moito pedirche que me enviaras un artigo para o próximo número da revista contando as túas experiencias ou impresións sobre o teu paso por De Ruada (se podes acompañala dalgunha foto moito mellor)?.



Hoxe comenteille este correo teu a un dos coralistas máis antigos (Xerardo Gómez Gómez "Chaparro"), pero entrou no ano 1957, se non recordo mal, e loxicamente non te coñece. De tódolos xeitos, pedíume o teu e-mail e vaise poñer en contacto contigo.

Xa temos comentado a posibilidade de voltar, despois de tantos anos, a Barcelona, pero os intentos que levamos realizado non teñen dado resultado. Se ti podes, dalgún xeito, colaborar connosco neste sentido agradeceríamos cho moito.

Recibe unha forte aperta de toda a familia ruadista.

Emilio Rodríguez Portabales. (Vicepresidente Primeiro da Coral De Ruada)

Prezado Emilio:

Primeiro agradecerche a túa inmediata resposta. Faime moita ilusión volver a ter contacto coa familia ruadista en xeral, e contigo en particular. Moitas veces pasei por Ourense pero non me atrevín a visitarvos (creo que tedes o local no Teatro Principal); agora penso que xa volvo a ter algún coñecido a quen dirixirme sen as miñas timideces persoais que me impedían entrar.

Outra cousa que tamén me fai ilusión é o que me dis de escribir *un artigo para o próximo número da revista contando as miñas experiencias ou impresións sobre o meu paso por De Ruada*. Cando che veña ven, dime pra cando o necesitas, cal é a fecha de pechamento pra ver si chego a tempo pro número que mencionas.

Das xentes que mencionas da miña época, ademais das que citas, estaba a familia Pingallo (pai, fillo, a noiva do fillo e un irmán desta que cantaba de baixo), estaban o Daniel e o seu fillo que tocan as gaitas na foto, o Tucho, que cantaba e tocaba a gaita, (aínda vive en Ourense), o José Luís Dopazo (tenor), que se foi a Coruña e perdín o seu rastro, dúas rapazas que eran irmáns e vivían o costado do cemiterio. Tamén participaba de vez en cando un tenor chamado Rafa, e que cantou nunha película de ambiente galego producida polo Cesáreo González, propietario e presidente de Cifesa. Do Chaparro que me falas, ¿non será fillo dalgún dos Chaparros que tiñan o forno de pan e de chocolate na carreteira que vai (outro esquecemento)?!. Despois de tantos anos, o meu problema é que me fun esquecendo dos nomes das persoas e das rúas. O que si me acordo é que, o pouco de irme, nomearon de director a unha persoa nova, creo que lle chamaban Juan de Dios. Aínda conservo algúns discos pequenos que comprei despois polas terras do mundo nas que andei.

Gustaríame ser unha persoa de influencia pra contribuír na miña medida a que puiderades vir por estas terras catalanas, onde, como sabes, hai tanta afección o canto coral. Agora be, heiche de ser sincero; eu non me movo nos ámbitos do poder. E, si consultas os temas sobre os que escribo na miña web www.rentabasica.net, comprobarás que non son a persoa idónea pra esta clase de axudas.

Comezarei a facer ese recorrido pola memoria e os sentimentos dos meus tempos no Ruada. A ver que sae. Tamén buscarei fotos daquela época, aínda que non estarán nun estado de boa reprodución.

Unha forte aperta

Jose

.

Nacín na rúa de San Francisco pero, os poucos meses, a familia cambiouse o número 3 (antigo) da praza do Corridior, diante mesmo do convento/escola das Carmelitas, e mirando a fachada da casa onde ensaiaba a Coral De Ruada. Polo tanto, xa moi cedo, *comecei a vivir e crecer sendo veciño da Coral*, xogando, debaixo do balcón onde ensaiaban,¹ con outros rapaces e rapazas daquelas rúas que acaban na plazuela, e moitas veces cruzándonos cos membros do coro que saían dos ensaios. As primeiras experiencias e os primeiros contactos coa agrupación estaban xerminando xa nesa época tan temperán. Aínda recordo cando, moi caladiños, subíamos as escaleiras pra oílos ensaiar. Eles e elas sabían que estabamos alí escondidos, pero facíanse o parvo, como si non se desen conta de nada: despois de todo, penso que a nosa presenza no fondo das sombras era como si estivesen actuando pra un público infantil.



Sabemos como eses tempos aínda tenros son os anos nos que o ser humano recibe as primeiras experiencias, as miñas nadas e vividas na plazuela, e da que moitas delas xamais me esqueceréi. Eses primeiros coñecementos entran nas nosa existencia pra sempre, e serán os que manterán moitos dos nosos afectos e ideais da vida adulta que nos agarda. E así foi, polo menos no que toca a miña relación coa Coral. Ata ter case dezasete anos, *vivín agardando pra poder entrar no coro a cantar*. Unha ilusión larga tempo esperada e desexada, pero que por este intre se faría unha realidade. Un longo soño que, por fin, se cumpría.

Este soño foi posible grazas a axuda do *gran Rafa*, tenor solista no Ruada,² admirado por todos os seus compañeiros e coñecidos, a quen sempre recordarei con respecto e agarimo, tanto polos seus consellos cando aínda era un neno (traballamos xuntos un tempo e non paraba de falar da súa paixón polo Ruada), como despois pola súa amizade e pola súa xestión pra que eu puidese cantar na Coral. El foi o que falou co, polo entón director, don Daniel González. Direi que el foi o meu valedor. Seguramente, tendo en conta a miña voz (tiña bo oído e había estudiado os dos tomos de música do mestre Hilarión Eslava, pero a voz era mais ben frouxa), eu non entraría no coro. Pero penso que foi a súa capacidade de sedución a que convenceu a don Daniel pra que me aceptase, polo que pasei a formar parte da corda de barítonos con moita alegría pola miña parte. Agora xa estaba dentro, *xa me sentía que formaba parte daquela gran familia de amigos e amigas coristas* coa que había estado soñando tantos anos.

Comezou pra min o tempo dos ensaios e das actuacións. *Os ensaios* parecíanme sempre curtos, tanto os de corda como os xerais. Supoñían eses momentos nos que vas vendo como as cantigas van ensamblándose na corda e no conxunto, collendo xeito, converténdose musicalmente nos nosos propios deleites. Direi que éramos os primeiros en gozar desa tan loada actividade colectiva como é o canto coral. Tamén foron estes anos, esta diaria actividade (non estou moi seguro, pero creo recordar que os ensaios eran os luns, mércores e venres, de sete e media a nove e media), unha gran ocasión pra facer amizade, case unha familia, co resto dos membros da coral. Un dos mais graves problemas da emigración é, entre outros, claro, como te esqueces dos nomes da xente que coñeches e segues querendo tanto, neses anos de aprendizaxe humano. Agora só me recordo dalgúns en dalgunhas, que non vou a nomear pra non facer de menos o resto. Cando vexo a foto da Coral feita no 1954,³ un ano despois de que deixase Ourense, atopo que aí están todos e todas as coristas, incluíndo o segundo director que tiveron, don Isolino Canal. Esa é a xente a quen quedei querendo e lembrando, con todo o dor que produce a nostalxia. A que dicir que, nestes aspectos, a emigración é moi negativa.

Tampouco fai falta dicir que *as actuacións* eran tamén outro deleite persoal, o mesmo que pra o conxunto dos coristas compañeiros e compañeiras. Era o momento de comprobar os resultados dos nosos esforzos, de poñer a proba de forma pública ata onde habíamos chegado. O público convertíase en xurado

¹ Ver Fotografía 4, en “Os cantores cudeiráns”. *Revista Coral De Ruada*, ano 2008, nº 7.

² Dos dous, o que canta na película *Mar Abierto*. Aparece na foto 13, páxina 29, *Revista Coral De Ruada*, ano 2008, nº 7.

³ Ver a portada da *Revista Coral De Ruada*, ano 2008, nº 7.

e era o que tiña a última palabra, o que nos dicía si o noso traballo e a nosa dedicación ían no bo camiño artístico. As saídas mais habituais eran en relación coas invitacións as festas e eventos mais destacados que se celebraban nos pobos e cidades de Galicia. Aparte das que facíamos no mesmo Ourense: Cines Losada, Xesteira, Principal. Pero as saídas mais importantes a destacar nese intre foron as que tiveron a sorte de participar nas dúas invitacións ⁴ que o Concello de Barcelona lle fixo a Coral De Ruada polas *Festes de la Mercè*, desta gran vila catalana. Participamos na semana grande con outros coros do territorio español, pero recibimos unha especial atención da *Federació de Cors de Clavé*, ⁵ unha das mais antigas e destacadas asociacións deste país, pola súa defensa da música e a lingua catalana.

Pouco mais que dicir. A miña curta pero intensa vida no *De Ruada* quedou pra sempre no meu corazón. Foi un ideal que o rachou a emigración, como tantos outros anhelos que se fraguan por esas tenras idades. Porén, aprendín a vivir e a convivir con outras xentes, con outras culturas, con outras realidades políticas e sociais, todo elo moi positivo na longa formación e madurez do ser humano. Moita da xente (non toda) que non sae do seu país, quédase desgraciadamente enfeitizado consigo mesmo, como se fose o único, o centro da creación. Este é un dilema que teremos sempre as persoas e os pobos, de atopar o equilibrio entre o nomadismo e o sedentarismo. Asemella que os extremos mai foron bos.

Entón, pra acabar, dar as grazas a xente que agora está dirixindo e levando a xestión da Coral, e aproveitar pra saudar a todos e todas as coristas, as da agora e as do pasado. Seguirei sempre estando con vos como vos comigo.

Este son eu

José Iglesias Fernández. ⁶

Barcelona, outono do 2009.



Nota: mirarei de escanear mellor a foto.

⁴ Coido que os viaxes foron no 1950 e no 1951, pero fállame a memoria.

⁵ Ver <http://www.elcoro.net/>

⁶ Entre os achegados e achegadas eu era coñecido como *O neno*. Na Coral como *O pelos*.

Ben prezado Emilio:

Certo que foron moitas as emocións ese día que, pra min, supoñía un reencontro ca Coral despois de 56 anos dende o meu último ensaio no antigo local da Praza do Corrixidor. Quén podía pensar naquel febreiro de 1954, cando comezaba a miña vida de emigrante, porque os emigrantes sabemos cando saímos, pero non cando, nin si poderemos volver, que terían que pasar todos estes anos pra volver a pisar os locais da asociación, e encontrarme co que mais valor té: falar de novo cos membros vitais e activos que compoñen a coral. Non menos emotivo foi atopar nelas e neles tanta simpatía, tanto agarimo por un antigo compañeiro, pois este é o afecto que sento por todos vostedes, como si houbese pasado só uns días dende que había abandonado Ourense. Asemellaba unha situación similar a daquela tan coñecida e repetida, pero que por iso non perde actualidade: “diciámos onte...”. Sentínme que volvía a casa nosa, que era acollido con todo o cariño conque se recibe o familiar que volve o pequeno fogar ⁷ común.

Eu non me atrevín a levar a miña máquina, pero estou de acordo que en xuño, seguramente na primeira semana, cando volva a Ourense como temos programado a xente que estamos facendo o estudio das *Posibilidades e limitacións da Renda Básica en Galicia*, chamareite con tempo pra ver si nos fotografamos e firmo nese tan histórico libro. Será outro dos praceres que xa comezo a disfrutar dende agora.

Xa lle comentei e lle enviei o director da nosa coral aquí, Coral Icaria, a partitura. Esta coral está composta por 22 mulleres e só catro homes. En Barcelona, todos os coros pequenos teñen o grave problema de que non atopan voces masculinas. De momento, verá como adaptala a tres voces; sopranos, contraltos é ‘homes’.

E só me queda agradecerche a túa agarimosa acollida dende o primeiro intre que escribín a Coral. Sen a túa amable intervención, e despois a túa cordialidade, eu seguiría sendo un orfa, un estranxeiro na miña terra, na cidade dos meus amores, das miñas lembranzas, dun neno galego que se fixo home universal en terras alleas... De por certo que non sei como agradecercho... Gracias é unha verba que explica pouco pra estes casos.


Así que outra aperta e ata xuño

Jose

Nota: Envíoches un par de comentarios sobre dous dos meus últimos libros.

Prezado José: Con tantas emocións e presas, esquecínme de facerche unha fotografía coa Coral e de que asinaras no Libro de Honra da Coral. Agardo que este despiste teña a contrapartida de que terás que repetir a visita para poder fotografar connosco e firmar no libro. Xúntoche a partitura do "Ourense ao lonxe" de Manuel de Dios que me pediches. Esta versión está un pouco modificada polo noso actual director, Xoán Antón Vázquez Casas, que lle introduciu acompañamento de gaitas. Unha aperta e ata pronto. Emilio

⁷ Volver o fogar de Breogán. O Coro de Ruada foi un dos primeiros, por non dicir o primeiro, en atreverse a cantar o himno galego durante a etapa franquista, e empregamos a verba fogar en vez de nazón.



La Voz de Ourense

DOMINGO 20
DE MARZO DEL 2011
ISSN 1888-4741

Tel 988 366 400
redac.ourense
@lavoz.es

José Iglesias Fernández Economista «Están aproveitando a crise para debilitar a man de obra» L7

La Voz de Galicia | Domingo, 20 de marzo del 2011 | OURENSE | L7

JOSÉ IGLESIAS FERNÁNDEZ ECONOMISTA

«As pensións dos avós comezan a ser un colchón para as familias»

De cristaleiro a alumno de Oxford, apoia a economía crítica do benestar

RUTH NÓVOA
OURENSE / LA VOZ

A vida de José Iglesias (Ourense, 1931) ben podería ser o guión dunha película. «Fun o clásico neno pobre». Como moitos ourensáns emigrou. E progresou. Acabou sendo licenciado en Económicas e diplomado en Ciencias Sociais por universidades inglesas. Responde á definición do home feito a si mesmo. Pero tamén lle da a razón o refraneiro: tras un gran home, hai unha gran muller. A súa tivo moito que ver en que o galego que traballaba de cristaleiro no País Vasco acabara matriculándose en Oxford. «Eu tería sido un militantiño dun partido pero ca miña muller abriuse un mundo de posibilidades que eu soñaba». Nunca pensara tal cousa. Tal vez por iso se emociona cando o conta. Nos seus artigos e libros defende a economía crítica do benestar.

—Tivo unha vida moi intensa.

—Pasei por moitos oficios. Sendo rapaz, traballando como cristaleiro, fíxeme sindicalista para defenderme ante a empresa pero tamén para crear unha conciencia política. Entrei nunha situación de conflito coa dirección. Apretaron forte e non me quedou máis remedio que emigrar. A causa da miña emigración non foi que non houbera traballo senón que na miña empresa non me querían. ¡Non podía vivir da miña nai! Marchei con 23 anos para Bilbao. Empecé a buscar nos xornais as ofertas de traballo. Desexei ser muller porque traballo doméstico había moito. Iso si, cheguei un martes e o xoves xa estaba traballando.

—¿Que concepto tiñan alá dos galegos?

—Non o podo dicir porque non percibía xa que vivíamos entre nós. Había unha forte separación. Entramos como invasores pobres. Penso que era un pouco a opinión pero non a podía palpar. Estabamos apartados.

—¿Desde a súa experiencia, como valora que os mozos fiquen, cada vez durante máis tempo, cos seus pais?

—Neste momento estase a recuperar a familia do benestar,



José Iglesias pertence ao seminario de economía crítica Taifa que defende a renda básica. SANTI M. AMIL

en lugar do estado do benestar. Antes aos avós metíamolos en residencias. Agora xa se empeza a dar o caso de familias que os sacan da residencia pola pensión. As pensións dos avós comezan a ser un colchón para as familias.

—¿Por que cre que se produce esa situación?

—Noto unha deseducación, iniciada polas familias de esquerdas, que sobreprotexeron aos fillos, que se acostumaron a recibir todo e a non pensar en aportar algo. Moitas veces nos preguntamos: ¿por que a xente non reacciona? Pois unha parte é porque o noso modelo de sociedade consumista fai desta xente, de todos, unhas persoas individualistas; os fillos non se preocupan do que lles pasa aos pais, que fan o sacrificio de financeiros. Dábaselle todo. E ao darselle todo pensaron que todo era así, gratuito. Tampouco quixera xeneralizar. É unha visión subxectiva miña. Son unhas xeracións que temos que esperar a que se queimen. ¡Non queimallas! Teñen que vir novas xeracións, con dificultades como as que tiveron eu, que nacín na miseria absoluta e me din conta de que na casa non había, que tiña que saír a buscar a vida. O parraugas familiar terá que desaparecer e no momento en que desapareza veremos que fan.

—Hai preto dun 45% de desemprego xuvenil. ¿Que lectura fai desa situación?

—Están aproveitando a crise para debilitar a man de obra a través do desemprego, dos contratos precarios, dos despidos baratos... Os chavales non se mobilizan. Pensan: «Xa se solucionará».

—E vostede, ás portas dos oitenta anos, ¿como valora o debate sobre o retraso da idade de xubilación?

—O que hai detrás dese debate é o intento, por parte dos capitalistas, de privatizar todo o sector público. O capitalismo ne-

«O debate da xubilación trata de eliminar o sistema público de pensións»

«A sociedade tense que facer cargo do que nace cunha cantidade mensual»

cesita permanentemente buscar áreas onde facer beneficio. Quedan moi poucas. E as que son boas e con moita liquidez son os ben públicos: a sanidade, a educación e as pensións. O que está detrás é buscar o privatizar ese fondo tan brutal que eles necesitan acaparar desde o punto de vista financeiro e dos negocios. Trátase de eliminar o sistema de pensións público e sustituílo por un privado, que xa existe pero de forma voluntaria.

—Vostede, como membro do seminario de economía crítica Taifa, defende o concepto da renda básica dos iguais. ¿En que consiste?

—É o dereito que ten toda persoa, polo mero feito de nacer, a unha cantidade periódica, mensual, para cubrir as necesidades imprescindibles. Imprescindibles. Esta palabra é moi valeira porque, ¿quen define o imprescindible? Pero como definición a renda básica sería a obrigación que ten a sociedade de cubrir as necesidades de todo aquel que nace a través dunha cantidade que lle dé acceso ao mercado para cubrilas. Temos a educación, a sanidade... pero hai outros mínimos que o estado ten que dar: alimentación, vivenda... A sociedade tense que facer cargo do que nace. Sería unha cantidade que nace contigo e morre contigo.

«Visitar Ourense é como tomar unha menciña contra a dor que dura un tempo»

O ourensán José Iglesias voltou nos anos setenta a España. A traxectoria familiar e profesional pasou primeiro por Bilbao (onde un grupo de alumnos pediron á Universidade de Deusto que o contratara como profesor de economía) e finalmente a Barcelona, onde sigue vivindo. Alí traballou durante 25 anos para a compañía química que hoxe se coñece como Sanofi-Aventis.

—¿Cal é a relación que mantén co seu Ourense natal?

—O meu cordón umbilical nin o puiden romper nin o quixen romper. Cando estaba no estranxeiro, en canto tiña un pouco de tempo para pensar, padecía un desgarrar. O adulto tiña que sobrevivir e intentaba non deixar resquicio pero si quedaba un momento... entón aparecía o neno. E miraba sempre para Ourense. Este elemento foi permanente. A xente que non emigra nas condicións que eu emigrei igual non se dá conta desa ruptura. Igual non lle pasa a todos tampouco. Eu tiña moita ilusión posta en ser de aquí, en ser de Ourense. De todos os xeitos é curioso porque, por exemplo, algúns libros en galego línos por primeira vez en Inglaterra.

—¿Como encontra a cidade?

—A primeira vez voltei despois de 35 anos. A cidade viviu un cambio grande, un crecemento brutal que supuxo a aparición dunhas cousas e a desaparición doutras. Xa non atopas a ningún coñecido. Polo tanto é só na cidade. Quedas ti só, cos teus pensamentos e os teus records.

—¿E superou xa ese desgarrar?

—As primeiras veces que viña marchaba destrizado. Ese desgarrar vouno curando e volvo como sedado, máis tranquilo. Visitar Ourense é como tomar unha menciña, algo contra a dor que dura un tempo.

—¿Que fai cando ven a Ourense?

—Sempre visito a praza do Corredor, onde vivín, e o cemiterio de San Francisco, para falar ca miña avoa.

—Ten outro lazo con Ourense. A Coral de Ruada.

—As veces que viña non era capaz de contactar en persoa, portimidez. Fíxeno por internet. Crecín sendo veciño da coral. E entrar na Coral de Ruada foi cumprir un soño.

Moitas gracias José pola túas verbas, pero penso que non as merezo. Limiteime a poñer en práctica o dito castelán "es de bien nacidos ser agradecidos". E eu e tódolos meus compañeiros temos unha enorme débeda de gratitude contigo e con todos os que nos precedestes en De Ruada, polo fermoso legado que nos deixastes nuns tempos e circunstancias nas que sacar adiante unha agrupación como a nosa non era moi doado. Polo tanto, gracias a ti, a todos vós. Lereille a túa fermosa carta aos membros da Coral.

O 16 de xuño temos o "Concerto dos Amigos da Coral De Ruada" (o principal concerto que ofrecemos en Ourense, xunto co de Nadal na Catedral) e o 20 do mesmo mes a "Romaría dos Amigos da Coral De Ruada" en Oseira, con Misa pola mañá e despois comida campestre, música, cantigas, etc. Polo tanto, se podes, modifica as datas da túa reunión en Vigo para coincidir nestas datas con nós. Estadades convidados todos a compartir connosco o concerto e a romaría. ¿Qué che parece?.

----- 00000 -----

José:

Xa estamos de novo metidos en faena, preparando os concertos de Nadal e outras actuacións que temos nos próximos meses. O pasado venres concedemos o Premio Xabier Prado "Lameiro", na súa primeira edición, ao coro irmán Toxos e Froles de Ferrol. Foi un acto moi emotivo que contou coa presenza dos netos de "Lameiro" e no que representamos *O cego da Xestosa*, que non se representaba dende hai uns 60 anos. Foi todo un éxito con Chaparro facendo o papel de cego.

Xúntoche, co correo, un arquivo que contén unha foto que nos chegou estes días e que penso que debe ser dos anos 1945 a 1947, xa que aparecen nela Daniel González e Isolino Canal (nesa época Isolino era director e Daniel asesor artístico; no ano 1947 volveu á dirección Daniel). Coido que ti non estás na foto, pero eu coñecía a varios, entre eles Emilio do Pingallo, o Cuco de Velle, o Gran Rafael... dos que estiveron contigo. Espero que che guste.

Xa lin a maior parte das publicacións que me dichos en Santiago. En xeral, estamos de acordo; pero non puiden afondar moito porque eu de economía non entendo case nada e manexades unha serie de conceptos e datos que me resultan difíciles de procesar. Pero, como che dicía, estou basicamente de acordo na teoría da renda básica. O que pasa é que, co que está a caer, vexo difícil que eu poida chegar a vela implantada.

Unha aperta. Emilio

----- 00000 -----

Amigo José:

Onte o programa "Alalá" da TVG dedicounos o programa a nós. Quedou moi fermoso. Podes velo integramente na seguinte dirección:

http://www.crtvg.es/reproductor/inicio.asp?canal=tele&hora=17/03/2010%2021:44:07&fecha=16/03/2010&arquivo=1&programa=ALAL%C1&id_programa=7

http://www.crtvg.es/reproductor/inicio.asp?canal=tele&hora=17/03/2010%2021:44:07&fecha=16/03/2010&arquivo=1&programa=ALAL%C1&id_programa=7

Agardo que che guste. Un abrazo, Emilio

----- 00000 -----



Foto de 1945, case seguro que é dun ano antes de entrar a coral.

----- 00000 -----

Vouche mandar a revista porque nas datas de xullo que virás a Ourense eu non estarei case con seguridade. Estarei tomando uns días de vacacións en Vilagarcía de Arousa. Se te animas a vir por alí, podemos tomar uns albariños e o que lle cadre.

A Coral, polo xeral, descansa en xullo e agosto, pero este ano xurdiron uns compromisos que fan que teñamos que participar no programa especial da TVG do día 24 pola noite (con motivo do día de Galicia), o día 25 actuaremos en A Guarda e o 26 teremos que cantar unha misa en Ourense. Ensaiaremos a vindeira semana e gravaremos unha das cantigas que se emitirán (acompañando a Xosé Manuel Piñeiro) o día 13. A outra cantiga, acompañados polos outros coros históricos galegos e o grupo de gaiteros "Treixadura", xa a gravamos o pasado martes.

Eu estarei indo e vindo desde Vilagarcía para cumprir os compromisos. Se tes as datas, horas e lugar das presentacións do libro en Santiago e Coruña, mándamas por se puidese ir desde Arousa algún deses días.

O delegado en Ourense de La Voz de Galicia (José Manuel Rubín) está moi interesado en contactar contigo para facerche unha entrevista (é amigo meu e faleille algo de ti cando lle entreguei a revista). ¿Pódolle dar os teus teléfonos?. Unha aperta. Emilio

----- 00000 -----

Recíbide os nosos máis sinceros desexos de paz e felicidade.
Eladio Quevedo Almoina (Presidente da Coral De Ruada)



A Coruña 1951



Viaxe a Barcelona



Voda do “Chaparro”, tio do Xerardo Gómez.

